



Criterios de cualificación e promoción do alumnado: ESO e BACHARELATO

A avaliación será continua ao longo de todo o curso, empregando unha serie de instrumentos que aparecen recollidos na seguinte táboa:

AVALIACIÓN	PROCEDEMENTO	INSTRUMENTO
Inicio do curso	Proba específica	Proba escrita coa finalidade de diagnosticar graos de coñecemento considerados fundamentais. O resultado de dita proba non terá repercusión sobre a nota do curso do alumando.
Procesual	Análise das producións	Caderno de clase
		Informe sobre prácticas: - Na ESO e en 1º de bacharelato poderán ser realizadas polo profesor, poden ser realizadas polo alumnado na casa ou por aplicacións informáticas; só no caso de que a pandemia o permitise realizaríanse prácticas de laboratorio. - En 2º de bacharelato realizaranse as prácticas de laboratorio, dentro das posibilidades do departamento, de forma individual para non ter que compartir material. Se en algunha non fose posible o docente faría a práctica para todo o alumnado.
		Traballos individuais.
	Probas específicas	Controles de clase
		Proba escrita
Final	Consistirá na consideración de toda a información recollida durante o curso e que permitirá comprobar a consecución das aprendizaxes propostas.	



Criterios de cualificación na ESO

A seguinte táboa recolle os criterios que se usarán para cualificar ao alumando da ESO ao longo do curso:

AVALIACIÓN CONTINUA	
Procedemento / Instrumento de avaliación	% nota
<p>PROCEDEMENTO: PROBA ESPECÍFICA</p> <ul style="list-style-type: none">• Instrumento: Proba escrita: <p>En cada avaliación (1ª, 2ª e 3ª avaliación parciais) realizaranse unha proba escrita por cada unha ou dúas unidades didácticas traballadas. A valoración deste apartado corresponderase coa media das probas que se realicen en cada avaliación. Será necesario un mínimo de 3 puntos en cada proba escrita para calcular a media.</p>	70%
<p>PROCEDEMENTO: ANÁLISE DAS PRODUCIÓNS DOS ALUMNOS</p> <ul style="list-style-type: none">• Instrumentos: Traballo de clase, resolución de exercicios e problemas, textos escritos, traballos de investigación individuais ou en grupos. <p>PROCEDEMENTO: OBSERVACIÓN SISTEMÁTICA</p> <ul style="list-style-type: none">• Instrumento: Diario de clase• Controis de clase.	15%
<p>PROCEDEMENTO: ANÁLISE DAS PRODUCIÓNS DOS ALUMNOS</p> <ul style="list-style-type: none">• Instrumento: informe de laboratorio. (Debido as limitacións producidas pola pandemia e que probablemente impidan visitar o laboratorio, os traballos que deben de realizar o alumnado serán sobre unha práctica maxistral realizada polo docente, mediante prácticas caseiras ou por simulacións informáticas.) <p>- En <u>2º e 3º de ESO</u>: No caso de que nalgunha avaliación non haxa traballo de laboratorio para avaliar, esta parte da puntuación repartirase de forma proporcional nos outros dous apartados.</p> <p>- EN <u>4º de ESO</u>: No caso de que nalgunha avaliación non haxa traballo de laboratorio para avaliar, esta parte da puntuación engadirase á valoración da/s proba/s específica/s.</p>	15%



- Para considerar a avaliación positiva nunha avaliación, é preciso obter un mínimo de 5,0.
- A cualificación final da materia será a media aritmética das cualificacións das tres avaliacións parciais, unha vez realizadas as correspondentes probas de recuperación. Considerarase superada a materia con unha nota igual ou superior a 5.
- En caso de perda dalgunha proba escrita, debidamente xustificada, o alumno/a deberá de poñerse de acordo co docente para marcar a data dunha nova proba o máis pronto posible, onde entrarán unicamente os contidos da proba perdida.
- Dada a relación entre os contidos da materia, poden ser necesarios na realización dunha proba escrita coñecementos impartidos con anterioridade ou noutra avaliación.
- Nas probas escritas, indicarase a cualificación de cada pregunta, así coma os códigos dos estándares que se avalían.



Criterios de cualificación no Bacharelato

A seguinte táboa recolle os criterios que se usarán para cualificar ao alumando de Bacharelato ao longo do curso:

AVALIACIÓN CONTINUA	
Procedemento / Instrumento de avaliación	% nota
<p>PROCEDEMENTO: PROBA ESPECÍFICA</p> <ul style="list-style-type: none">• Instrumento: Proba escrita: <p>En cada avaliación realizaranse unha proba escrita por cada unha ou dúas unidades didácticas traballadas. A valoración deste apartado corresponderase coa media das probas que se realicen en cada avaliación.</p> <p>En 2º de Bacharelato, poderanse incluír nas probas escritas calquera dos contidos estudados ao longo do curso. Neste caso, en cada avaliación, a primeira proba ponderará un 40% e a segunda un 60%. Será necesario un mínimo de 3 puntos en cada proba escrita para calcular a media.</p>	80%
<p>PROCEDEMENTO: ANÁLISE DAS PRODUCCIÓNS DOS ALUMNOS</p> <ul style="list-style-type: none">• Instrumentos: Caderno de clase, resolución de exercicios e problemas, textos escritos, traballos de investigación individuais ou en grupos. <p>PROCEDEMENTO: OBSERVACIÓN SISTEMÁTICA</p> <ul style="list-style-type: none">• Instrumento: Diario de clase• Controles de clase.	10 %
<p>PROCEDEMENTO: ANÁLISE DAS PRODUCCIÓNS DOS ALUMNOS</p> <p>Instrumento: informe de laboratorio</p> <p>No caso de que en 1º de bacharelato nalgunha avaliación non haxa traballo de laboratorio para avaliar, esta parte da puntuación repartirase de forma proporcional nos outros dous apartados.</p>	10 %



- Para considerar a avaliación positiva nunha avaliación é preciso obter un mínimo de 5,0.
- A cualificación final da materia será a media aritmética das cualificacións das tres avaliacións, unha vez realizadas as correspondentes probas de recuperación. Considerarase superada a materia con unha nota igual ou superior a 5.
- En caso de perda dalgunha proba escrita, debidamente xustificada, o alumno/a deberá de poñerse de acordo co docente para marcar a data dunha nova proba o máis pronto posible, onde entrarán unicamente os contidos da proba perdida.
- Dada a relación entre os contidos da materia, poden ser necesarios na realización dunha proba escrita coñecementos impartidos con anterioridade ou noutra avaliación.
- Nas probas escritas, indicarase a cualificación de cada pregunta, así coma os códigos dos estándares que se avalían.



Recuperación das partes non superadas:

I) ESO

RECUPERACIÓN DA 1ª, 2ª E 3ª AVALIACIÓN PARCIAIS	
Procedemento / Instrumento de avaliación	Nota
Procedemento: proba específica Instrumento: Proba escrita de recuperación da 1ª, 2ª e 3ª avaliación.	Ditas probas realizaranse ao inicio da segunda, da terceira e antes do final da terceira avaliación respectivamente. Nestas probas o alumnado examínase dos contidos non superados correspondentes a cada unha das avaliacións.
	A calificación final da materia será a media aritmética das calificacións das tres avaliacións parciais, unha vez realizadas as correspondentes probas de recuperación. Considerarase superada a materia con unha nota media igual ou superior a 5.
	Cando o alumnado non acadase nota positiva nalguna das tres avaliacións parciais, unha vez realizadas as correspondentes probas de recuperación, deberá de presentarse á proba de avaliación final.

Os momentos das probas de recuperación utilizaranse tamén para propoñer actividades de ampliación para o alumnado que queira mellorar a súa nota.

O período abranguido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final dedicarase a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e tutoría. Nese sentido:

- Para o alumnado que xa teña superadas as tres avaliacións parciais, propóranse actividades de ampliación que serán avaliadas mediante os instrumentos antes mencionados e poderán computar ata un máximo de 1 punto, que se sumará á nota media das tres avaliacións parciais, obtendo así a nota da avaliación final e polo tanto, a nota final da materia.
- Para o alumnado que teña algunha/s avaliación sen superar, deseñaránselle actividades de apoio e reforzo dos estándares non superados, así como probas obxectivas da/s avaliación/s non superada/s que lles permitirán recuperalas, segundo se indica na táboa seguinte:



CONVOCATORIA FINAL DE XUÑO	
Procedemento / Instrumento de avaliación	Nota
<ul style="list-style-type: none">• Procedemento: Proba específica• Instrumento: Proba escrita de recuperación final: o contido desta proba dependerá das cualificacións das tres avaliacións anteriores:<ul style="list-style-type: none">○ Unha avaliación suspensa: Proba cos contidos desa avaliación.○ Dúas ou máis avaliacións suspensas: Proba cos contidos de toda a materia do curso. <p>O alumnado que non se presente sen xustificación a esta convocatoria será cualificado como suspenso con un 1.</p>	A nota obtida nesta/s proba/s fará media coa nota obtida na/s avaliación/s xa superadas anteriormente.
	A cualificación final da materia será a media aritmética das cualificacións das tres avaliacións parciais, unha vez realizadas as correspondentes probas de recuperación. Considerarase superada a materia con unha nota media final igual ou superior a 5.
	Cando o alumnado non acade unha nota media final na materia igual ou superior a 5 , a nota máxima que poderá acadar na cualificación da avaliación final de xuño será un 4.

II) Bacharelato

RECUPERACIÓN DA AVALIACIÓN	
Procedemento / Instrumento de avaliación	Nota
Procedemento: proba específica Instrumento: Probas escritas de recuperación da 1ª e 2ª avaliación	Ditas probas realizarase ao inicio da segunda e terceira avaliación respectivamente. Nestas probas o alumnado examínase dos contidos non superados correspondentes a cada unha das avaliacións.

Os momentos das probas de recuperación utilizarase tamén para propoñer actividades de ampliación para o alumnado que queira mellorar a súa nota.



CONVOCATORIA ORDINARIA	
Procedemento / Instrumento de avaliación	Nota
<ul style="list-style-type: none">• Procedemento: Proba específica• Instrumento: Proba escrita de avaliación: o contido desta proba dependerá das cualificacións das avaliacións anteriores:<ul style="list-style-type: none">○ Unha avaliación suspensa: Proba cos contidos desa avaliación.○ Dúas ou máis avaliacións suspensas: Proba cos contidos de toda a materia. <p>O alumnado que non se presente sen xustificación a esta convocatoria será cualificado como suspenso con un 1.</p>	Considerarase superada a proba cunha nota igual ou superior ao 5.
	A cualificación final da materia será a media aritmética das cualificacións das tres avaliacións unha vez realizadas as correspondentes probas de recuperación. Considerarase superada a materia cunha nota igual ou superior a 5.
	Cando o alumnado non acade nota positiva nalguna das avaliacións unha vez realizadas as correspondentes probas de recuperación, a nota máxima que poderá acadar na cualificación da avaliación final ordinaria será un 4 e deberá de presentarse á convocatoria extraordinaria.

No primeiro curso de bacharelato, o **período abranguido desde a realización da avaliación final ordinaria ata o remate do período lectivo** dedicarase a:

- Para o alumnado que xa teña superada a materia, propóranse actividades de ampliación.
- Para o alumnado que non teña a materia superada, deseñaránselle actividades de apoio e reforzo para preparar a proba extraordinaria.

No segundo curso de bacharelato, no **período abranguido desde a realización da avaliación final ordinaria ata o remate do período lectivo** dedicarase a:

- Para o alumnado que xa teña superada a materia, propóranse actividades para preparar a proba de avaliación de acceso á universidade.
- Para o alumnado que non teña a materia superada, deseñaránselle actividades de apoio e reforzo para preparar a proba extraordinaria.



CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA	
Procedemento / Instrumento de avaliación	Nota
Procedemento: Proba específica Instrumento: Proba escrita de recuperación da materia: O contido desta proba incluírá toda a materia do curso. O alumno/a que non se presente a esta convocatoria será cualificado como non presentado (NP).	Considerarase superada a proba cunha nota igual ou superior ao 5.
	Considerarase superada a materia cunha nota igual ou superior a 5 nesta proba.

Criterios de cualificación das probas escritas: ESO e Bacharelato

- As respostas deben axustarse ao enunciado da pregunta.
- Terase en conta a claridade da exposición dos conceptos, procesos, os pasos seguidos, as hipóteses e a utilización adecuada da linguaxe científica.
- Os erros graves de concepto, os resultados de problemas onde o resultado careza de sentido físico anularán o apartado correspondente.
- Os apartados que esixen a solución dun apartado anterior cualificaranse independentemente do resultado do devandito apartado.
- Cando a resposta deba de ser razoada ou xustificada, non facelo suporá unha puntuación de cero no apartado correspondente. Un resultado erróneo pero cun razoamento correcto valorarase.
- Nun problema numérico a resposta correcta, sen razoamento ou xustificación, será valorada cun cero se non queda claro onde saíu ese resultado.
- Un erro nas unidades ou non poñelas descontará un 25 % da nota do apartado.
- Un erro no cálculo considerarase leve e descontará o 25 % da nota do apartado, agás que os resultados carezan de lóxica e o alumnado non faga unha discusión acerca da falsidade de dito resultado que se penalizará anulando o apartado por completo.
- No caso de ter confirmado o uso de medios ilícitos nunha proba escrita darase por suspensa esa proba e terá dita avaliación suspensa (nota 1); de ser en xuño, terá que efectuar a recuperación de toda a materia na avaliación final de xuño, no caso da ESO e na proba extraordinaria de xuño no caso de Bacharelato. Se se demostra que se copia en algún traballo darase por anulado, sacando un cero nesa parte.



No caso de haber confinamento durante o curso, as probas e os exercicios realizaranse empregando a plataforma Cisco Webex ou a aula virtual.

Organización das actividades de seguemento, recuperación e avaliación de materias pendentes

✓ Plan de traballo para a superación de materias pendentes:

Ao alumnado con materias pendentes de cursos anteriores faráselle entrega de dous boletíns de exercicios e cuestións sobre os contidos correspondentes, divididos en dous bloques, nas datas acordadas polo profesor/a co alumnado. A entrega destas tarefas ben resoltas dentro dos prazos establecidos, suporá o 20% da calificación total da materia pendente.

✓ Procedementos para a cualificación das pendentes:

O alumnado con materias pendentes de cursos anteriores poderá presentarse ás probas de pendentes. Haberá catro convocatorias:

- As dúas convocatorias non oficiais, permiten liberar parte da materia. Celebraranse nas datas acordadas polo profesor/a co alumnado. Constarán de exercicios e cuestións relacionados coa primeira e segunda parte da materia, respectivamente.

- Se o alumnado non supera algunha das probas celebradas nas convocatorias non oficiais, poderá presentarse á convocatoria oficial de maio, nas datas que estableza o centro oficialmente para tal fin, coas partes da materia non superadas. Os contidos sobre os que deberá examinarse o alumnado estarán baseados nos contidos mínimos das materias correspondentes reflectidos na presente programación.

- O alumnado deberá de obter un mínimo de 3 puntos en cada proba para calcular a media. As probas constitúen o 80% da calificación total da materia pendente. A materia estará superada cando a calificación obtida en ambas partes nas que se divide a materia sexa de 5 puntos ou superior.

- Na ESO, se algún alumno/a non supera a materia en maio, poderá presentarse á convocatoria final de xuño, nas datas acordadas polo profesor/a co alumnado, onde se examinará de toda a materia (aínda que durante o curso aprobouse algunha das partes). Nesta



convocatoria so se terá en conta a nota da proba escrita que deberá de ser 5 ou superior a 5 para superar a materia.

- No Bacharelato, se algún alumno/a non supera a materia en maio, poderá presentarse á convocatoria extraordinaria de xuño, nas datas acordadas polo profesor/a co alumnado, onde se examinará de toda a materia (aínda que durante o curso aprobouse algunha das partes). Nesta convocatoria so se terá en conta a nota da proba escrita que deberá de ser 5 ou superior a 5 para superar a materia.

- Si un alumno copia nunha proba a cualificación será 0.